

1ª Sesión de gobernanza: “O Futuro do río Tins”

Casa da Cultura de Outes | 03/03/2023

ReNatur_outes é un proxecto, subvencionado pola Fundación Biodiversidad, que nace coa vontade de ter un impacto sobre o río a longo prazo, indo máis alá do período das actividades inicialmente propostas. Para esa continuidade é fundamental a participación, implicación e complicidade de todos os axentes sociais preocupados polo futuro do río Tins. Como parte de ReNatur_outes desenvolverase un proceso de gobernanza que procurará establecer os alicerces desa participación, non só para informar e consensuar as accións que se levarán a cabo nos próximos anos, máis tamén imaxinar **un futuro colectivo para o río Tins**.

Como parte dese proceso, preténdese crear un órgano de gobernanza e participación así como adoptar unha carta ou declaración de dereitos do río e dos dereitos e responsabilidades da comunidade local que nos axude a traballar para o futuro do río Tins que queremos.

Como primeiro paso, na sesión de 03/03/2023 iremos xerar entre as axentes sociais participantes unha visión común de cómo nos gustaría que fose o río Tins e a súa contorna fluvial daqui a 10 anos. A socióloga e activista Elise Boulding (1920-2010) preguntábase: “*cómo podemos traballar para conseguir algo que non somos quen de ver na nosa imaxinación?*”. Por iso, nesta primeira sesión xeraremos imaxes sobre o futuro do río Tins que desexamos para axudarnos a deseñar e orientar as nosas accións no presente e así avanzar cara ese futuro.

Agradecemos a vosa asistencia e pedímosvos que, antes de vir, pensedes porque o río Tins é importante para vós e ordenedes (mentalmente ou por escrito, do **1 ao 12**) a importancia dos seguintes aspectos da vosa relación do río Tins convosco:

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Auga limpa | <input type="checkbox"/> Beleza |
| <input type="checkbox"/> Arborado de ribeira | <input type="checkbox"/> Lugar de paz e tranquilidade |
| <input type="checkbox"/> Corredor de biodiversidade | <input type="checkbox"/> Lugar de festas e celebracións |
| <input type="checkbox"/> Lugar único e especial | <input type="checkbox"/> Fonte de vida, ciclo hidrolóxico |
| <input type="checkbox"/> Biodiversidade | <input type="checkbox"/> Historia e patrimonio cultural |
| <input type="checkbox"/> Relación coa ría | <input type="checkbox"/> Prevención de inundacións |
| <input type="checkbox"/> Lugar para actividades (rodear):
baño, pesca, correr, camiñar, _____ | <input type="checkbox"/> Dereitos e axencia do propio río |

Por favor, confirme a vosa participación na sesión do 3 de marzo ou interese en participar en futuras sesións (se non podes estar nesta primeira sesión) enviando un email a info@montescola.org ou mensaxe ao 622312831.